



Galicia

GALICIA
LABORAL

Diario dixital da UGT de Galicia

LOITA
polo TEU**ÚNETE**

ISSN 1989-3299

Nº 692 Semana do 22 ao 28 de agosto de 2016

GALICIA É A CUARTA AUTONOMÍA ONDE MÁIS BAIXOU A AFILIACIÓN MEDIA Á SS DENDE O COMEZO DA CRISE

UGT DENUNCIA QUE EN GALICIA SON NECESARIAS 144 ALTAS E BAIXAS NA SEGURIDADE SOCIAL PARA CONSOLIDAR UNHA NOVA AFILIACIÓN

Urxe garantir a creación de emprego de calidade que retorne na estabilidade da afiliación á SS e na mellora dos ingresos

Redacción.- Santiago, 26 de agosto de 2016.- Que só en 12 meses en Galicia se rexistren 1,39 millóns de altas na Seguridade Social, 1,38 millóns de baixas, é dicir, 2,8 millóns de movementos, para que o aumento neto de afiliados non sobrepase os 19.354, indica precariedade, rotación excesiva na contratación, un nivel de contratos a tempo parcial involuntarios xa insupportable para o mercado laboral galego, en definitiva, emprego de baixa calidade.

Para consolidar unha nova afiliación á Seguridade Social en Galicia son necesarias 144 altas e baixas, segundo os datos do ano 2015.

Situación á que de xeito definitivo contribuíron as reformas laborais impostas nos anos 2010 e 2012, sobre todo esta última, polo que dende UGT-Galicia pídeselle ao novo Goberno que se conforme nos vindeiros meses que, como paso inicial para a mellora do mercado laboral e a creación de emprego de calidade, derogue ambas reformas e poña en marcha con carácter de urxencia outra política, cambiando a austeridade por crecemento, os recortes por inversión produtiva e a precariedade laboral por xeración de emprego de calidade.

No relativo ao comportamento da Seguridade Social nos últimos anos, a situación é nefasta en todo o Estado pero é que en Galicia é peor que na media do conxunto das comunidades autónomas, como o demostra o feito de que esta comunidade é a cuarta, só superada por Castela A Mancha, Asturias e Valencia, que rexistra unha maior baixada da media de afiliación á Seguridade Social dende o ano 2008 ata o 2016. Concretamente, se en xullo de 2008 esta media era de 1.094.898 afiliados, en xullo de 2016 pasa a ser de 973.973, o que supón unha perda do 11,04 por cento, fronte ao 7,93 por cento que se rexistra de media no conxunto do Estado.

Así, Galicia representa o 7,9 por cento da perda de todo o Estado cando o seu



peso real na afiliación total é moito máis baixo, do 5,5 por cento.

Nunha serie histórica contrastan os datos de media de afiliación á Seguridade Social rexistrados en Galicia. Iníciase a análise no ano 2006, con 1.035.156 afiliados. Cifra que sempre se mantivo por enriba do millón ata o ano 2011, a primeira vez que baixa desta barreira, situándose nos 985.950 afiliados. A día de hoxe, segundo os datos rexistrados a xullo de 2016, esta recupérase lixeiramente (973.973 afiliados), en relación aos baixísimos rexistros de anos como o 2013 cando non se superaban os 917.000 afiliados, pero aínda continúan afastados da barreira do millón de afiliados.

GALICIA REXISTRA UN DOS INCREMENTOS MÁIS BAIXOS DE AFILIADOS Á SEGURIDADE SOCIAL EN RELACIÓN A HAI UN ANO

En relación a hai un ano, xullo de 2015, se ben é certo que a cifra de afiliados recupérase nun 1,7 por cento, ao pasar de 957.879 a 973.973, esta suba segue a estar moi por debaixo dos 3,1 puntos de media de recuperación no Estado ou dos 3,2

puntos de comunidades como Madrid ou os 5,9 de autonomías como as Illas Baleares. De feito, Galicia é a quinta autonomía que menos recupera, só superada por Estremadura, Cantabria, Asturias e Castela e León.

Para UGT-Galicia, esta diagnose reflicte que a tan publicitada recuperación do mercado laboral polos gobernos do PP en Madrid e en Galicia non existe. Polo menos, coa calidade e estabilidade necesaria para garantir unha recuperación da situación económica estrutural e unha saída real da crise na que todos sexan protagonistas e, principalmente, as familias deste país.

Os movementos na Seguridade Social que arrojan as estatísticas debuxan un mercado laboral moi inestable, precario, marcado polos contratos temporais ou a xornada parcial e cunha perda progresiva dos salarios. Hai que ter en conta que o salario medio dos traballadores con contrato temporal é un 36,6 por cento do que percibe un traballador cun contrato indefinido; e o dun traballador con contrato a tempo parcial é un 63 por cento menor que o que ten un traballador a tempo completo. Diferenzas que medran continuamente dende o ano 2007.

Segue na páxina seguinte .../...

**XUNTA DE GALICIA**CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

UN SISTEMA LABORAL PRECARIO E INESTABLE QUE CONDUCE A PERDAS CONTINUAS DE SALARIOS. DENDE O 2007 OS ASALARIADOS GALEGOS PERDERON 1.211 MILLÓNS DE EUROS

De feito, en Galicia, dende o ano 2007 os asalariados perderon 1.211 millóns de euros. Xa nunha fase de suposta expansión económica como a que se vive a partir do ano 2014 os salarios seguen sen medrar como deberían. A actividade crece, medra o emprego pero a mala calidade do mesmo, como reflicten as fortes fluctuacións que se rexistran en materia de Seguridade Social, sumado ao deterioro das condicións laborais que produciron as reformas do 2010 e do 2012 fan que os salarios non aumenten en consonancia.

URXE TOMAR MEDIDAS NUN MOMENTO NO QUE A SUSTENTABILIDADE DA SEGURIDADE SOCIAL SE ESTÁ A POÑER EN DÚBIDA

Precisamente, nun momento como o actual no que se está poñendo en dúbida a sustentabilidade da Seguridade Social e o sistema público de pensións, a diminución de ingresos, froito da mala calidade do emprego xa denunciada e os baixos salarios e unha crecente disposición dos recursos do Fondo de Reserva, poden levar ao seu esgotamento.

UGT-Galicia alerta de que o crecemento por ingresos por cotización está sendo inferior en relación ao incremento dos afiliados. Un problema que se está convertendo en permanente debido a varios factores, a debilidade dos incrementos salariais, debido á

política de desvalorización e depresión dos salarios; a maioritaria precariedade do emprego que se está creando, con forte presenza de empregos a tempo parcial e de contratos temporais; a caída da cobertura das prestacións por desemprego, que pon de manifesto non só a desprotección crecente do paro, senón as diferenzas reais entre os ingresos polas cotizacións que proveñen do emprego e o gasto en prestacións da Seguridade Social; e perda de ingresos derivada de que as políticas de subvencións á contratación se están cargando sobre as costas da Seguridade Social.

Todos estes factores deben ser corrixidos xa. Por elo, o Sindicato reclama ás forzas políticas do novo Parlamento que asuman con urxencia un compromiso pleno co sostemento da Seguridade Social e do sistema público de pensións, a través dun proceso de negociación cos interlocutores sociais.

O PASADO 19 DE AGOSTO CELEBROUSE O DÍA MUNDIAL DA ASISTENCIA HUMANITARIA

ESPAÑA SÓ ACOLLEU A 197 PERSOAS DAS 9.323 ASIGNADAS



Redacción.- UGT denuncia a falta de compromiso e a inacción da Unión Europea e o Goberno español para facer fronte á crise humanitaria dos refuxiados. O programa de recolocación, (aprobado en setembro de ano 2015 e que expira en setembro de 2017) leva o compromiso de recolocar a 160.000 persoas en dous anos, pero en 11 meses os estados membros só recolocaron a 3.856 persoas, un 2,4% do total. Ademais en España só se recolocaron un 2,1% do total, é dicir 197 persoas das 9.323 asignadas ao noso país. UGT denuncia que a este ritmo a Unión Europea tardaría 38 anos en cumprir o compromiso e España máis de 42 anos. O sindicato esixe aos partidos políticos de ámbito parlamentario que sexan corresponsables na resolución da emerxencia humanitaria que se vive no seo da Unión Europea e que asuman os retos sinalados polas Nacións Unidas no Cume humanitario mundial.

Baixo o lema "Unha humanidade", as Nacións Unidas celebraron o pasado 19 de agosto o Día Mundial da Asistencia Humanitaria e chamaron á solidariedade cos máis

de 130 millóns de persoas que precisan en todo o mundo asistencia humanitaria para sobrevivir. Este ano, o Día Mundial céntrouse no necesario compromiso coas persoas afectadas pola crise e na garantía de que os traballadores humanitarios poidan desenvolver de forma segura a súa tarefa.

O pasado mes de maio celebrouse en Istambul o primeiro Cume Humanitario Mundial convocada por Nacións Unidas en resposta ao "nivel máis alto de sufrimento humano desde a Segunda Guerra Mundial". Cinco foron os retos e responsabilidades que o Secretario Xeral de Nacións Unidas pediu a Gobernos e sociedade que asumisen: previr os conflitos e poñerles fin, respectar as normas da guerra, non deixar a ninguén atrás, traballar para poñer fin ás necesidades e investir na humanidade.

A crise humanitaria no seo da Unión Europea é unha das consecuencias de non asumir esas responsabilidades, nin como Goberno nacional, nin como parte da Unión. O programa de recolocación de solicitantes de protección internacional, é un dos elementos

máis visibles da inacción e a falta de compromiso. Segundo datos da Organización Internacional de Migracións, do 10 de agosto, foron recolocadas nos Estados membros 3.856 persoas, 2.895 desde Grecia e 961 desde Italia. O programa de recolocación, aprobado en setembro de ano 2015, leva o compromiso de recolocar a 160.000 persoas en dous anos. En 11 meses, os Estados membros só acolleron ao 2'4% dun compromiso que expirará en setembro de 2017. No caso do Goberno español, e segundo datos do Ministerio do Interior do mes de xullo, recolocáronse 197 persoas das 9.323 asignadas a España, o 2'1% do total. A este ritmo a Unión Europea, tardaría 38 anos en cumprir o compromiso e España, máis de 42 anos.

Unha das primeiras tarefas que a Unión Xeral de Traballadores esixe aos partidos políticos e aos grupos parlamentarios, é que cumpran o compromiso e sexan corresponsables na resolución da emerxencia humanitaria que se vive no seo da Unión Europea. E que a política española asuma os retos sinalados polas Nacións Unidas no Cume humanitario mundial.

UGT RECLAMA UN CAMBIO DE ESTRATEXIA ECONÓMICA QUE SE SUSTENTE NOS PGE 2017

Redacción.- Os datos de Contabilidade Nacional, do segundo trimestre do ano, certifican que a economía española segue crecendo pero cada vez a un menor ritmo. UGT, que achaca esta situación ás erróneas políticas de austeridade, esixe un cambio de estratexia global, en liña coas propostas sindicais presentadas aos partidos políticos, no documento: "20 actuacións urxentes polo progreso e o benestar social". Para consolidar un crecemento sustentable e xusto, que chegue a todos, sería preciso acabar coa política de austeridade imposta pola Troika; unha reforma fiscal integral que permita un aumento dos ingresos públicos no noso país e unha distribución máis xusta dos esforzos; un Plan de Choque polo Emprego de calidade; reactivar os salarios para que os traballadores gañen poder de compra e fortalezan o consumo e o aforro; e poñer en marcha un Plan pola Industria, que favoreza un novo modelo produtivo máis eficiente. Así mesmo, é preciso reforzar o noso Estado de benestar (sanidade, pensións, dependencia, protección por desemprego, servizos sociais). Todas estas prioridades deben reflectirse nos Orzamentos Xerais do Estado para 2017, que deben dar sustento financeiro ao cambio de estratexia que precisa o noso país para avanzar cara ao progreso.

Os datos da Contabilidade Nacional Trimestral do segundo trimestre, publicados hoxe polo INE, certifican que a economía española segue crecendo, pero cada vez a un menor ritmo. E así continuará nos próximos trimestres, atendendo ás previsións do Goberno en funcións.

Segundo o INE, o PIB creceu no segundo trimestre do ano un 0,8%, igual que nos tres trimestres anteriores, pero a taxa de crecemento anual redúcese dúas décimas e sitúase no 3,2%. As recentes previsións do propio goberno apuntan a unha continua perda de vigor da actividade, terminando este ano cun aumento medio do 2,9%. Iso supón que no segundo semestre do ano intensificarase a freada da actividade, e ao final do mesmo o crecemento estará por baixo do 2,5%.

Por compoñentes, no segundo trimestre redúcese unha décima a variación anual do consumo dos fogares, que se sitúa no 3,6%, dúas décimas o consumo das Administracións Públicas (ata o 1,5%) e, o que é máis inquietante, cae 1,1 puntos o investimento (do 5,1% ao 4%), o que adoita anticipar descensos sostidos da actividade. En conxunto, a demanda interna empeora a súa contribución ao PIB, de sumar 3,8 puntos a tan só 3. Pola súa banda, aumentan o seu ritmo de crecemento tanto as exportacións (do 3,8% ao 6,8%) como as importacións (do 5,4% ao 6,6%), pero máis as primeiras, co que mellora a achega ao PIB

do sector exterior (pasa de restar catro décimas a sumar dous). Polo lado da oferta, empeoran todos os grandes sectores excepto o de servizos, que mantén unha taxa anual do 3,6%.

O emprego (medido en termos equivalentes a tempo completo) reduce o seu ritmo de crecemento do 3,2% ao 2,9%. Como aspecto positivo cabe destacar a recuperación mostrada pola remuneración total dos asalariados (pasa do 3,4% ao 4%), que está a permitir soste niveis necesarios de demanda. A remuneración media por asalariado pasou de caer unha décima no trimestre anterior (en taxa anual) a crecer oito décimas, algo favorable, pero que segue reflectindo aumento salariais moi reducidos.

En conxunto, os datos coñecidos hoxe mostran unha evolución da actividade decepcionante, que impedirá que a nosa economía xere riqueza suficiente para, simultaneamente, reducir os desequilibrios macroeconómicos como reclama Europa, crear emprego de calidade coa intensidade que necesitamos, modernizar o noso tecido produtivo e mellorar a protección social e os servizos públicos esenciais.

A continuidade das políticas practicadas no últimos catro anos e medio de goberno do Partido Popular, e da estratexia da austeridade extrema imposta desde as institucións europeas desde 2010, xa mostrou claramente os seus pésimos resultados e o seu escaso percorrido: escasa corrección dos desequilibrios macroeconómicos, incremento acusado da precariedade laboral, intensificación dos desequilibrios do modelo de crecemento e aumento terrible dos niveis de pobreza, desigualdade, e exclusión social. Por iso, é necesario cambiar as políticas realizadas, e pasar da austeridade e axustes empobrecedores a unha nova estratexia que poña o acento na consolidación dun crecemento económico máis sustentable, a creación de emprego de calidade e a redución das desigualdades e a pobreza.

A nosa economía necesita máis crecemento e que este se traslade mellor ao emprego e sirva para elevar a calidade de vida de todos os cidadáns e cidadás, algo que non está a suceder. España necesita un cambio de estratexia global, como propuxemos os sindicatos UGT e CCOO no noso documento conxunto "20 actuacións urxentes polo progreso e o benestar social", e que en materia económica inclúe cinco liñas de actuación imprescindibles:



1. Acabar coa política de austeridade imposta pola Troika, que é a responsable da dobre recesión europea e do crecemento mediocre e a insuficiente recuperación actual, complementando a política monetaria cunha nova política fiscal e orzamentaria a favor do crecemento, que inclúa un ambicioso plan europeo de investimentos, e que garanta a sustentabilidade do modelo social.

2. Realizar unha reforma fiscal integral que logre un aumento dos ingresos públicos e unha distribución máis xusta dos esforzos. Quen máis teñen deben pagar máis.

3. Impulsar de inmediato un Plan de Choque polo Emprego, con medidas efectivas para fortalecer a creación de emprego, mellorar substancialmente a súa calidade e garantir a igualdade de oportunidades de todos os desempregados e desempregadas no acceso ao emprego. Para iso, é imprescindible derrogar as reformas laborais de 2010 e 2012.

4. Reactivar os salarios, para que as traballadoras e traballadores gañen poder de compra e fortalézanse tanto o consumo como o aforro. Iso esixe que suba o salario mínimo, alcanzando 800 euros no primeiro ano de lexislatura, que os salarios do sector privado aumenten substancialmente e que as retribucións dos empregados públicos recuperen o poder adquisitivo perdido durante a crise.

5. Poñer en marcha un Plan Estratéxico para a Industria capaz de reconducir o noso modelo produtivo para facelo máis eficiente, equilibrado e sustentable. Este Plan debe sustentar unha estratexia de longo prazo, que teña como elementos centrais, entre outros, o fortalecemento do investimento en I+D+i, alcanzando polo menos o 3% do PIB, unha mellor planificación e priorización dos investimentos en infraestruturas e a conformación dun sector enerxético máis eficiente.

Todas estas prioridades, xunto ao reforzamento das políticas esenciais do estado de benestar (sanidade, pensións, protección por desemprego, servizos sociais, dependencia) deben reflectirse nos Orzamentos Xerais do Estado para 2017, que deben dar sustento financeiro ao cambio de estratexia que precisa o noso país para saír definitivamente da crise e comezar a construír unha nova senda de progreso e benestar social.

UGT mostra a súa solidariedade con Italia tras o terremoto



Redacción.- A Unión Xeral de Traballadores quere mostrar a súa solidariedade incondicional co pobo italiano tras o devastador terremoto sufrido na localidade de Amatrice. O sindicato desexa transmitir o seu máis sincero pésame ás familiares e amigos das vítimas e espera a pronta recuperación das persoas feridas.

UGT espera así mesmo que o pobo italiano reciba dos seus veciños europeos toda a axuda necesaria para rescatar ás persoas atrapadas baixo os cascallos e, posteriormente, para levar a cabo canto antes a reconstrución da zona.

O FUTURO DAS PENSÍONS ESTÁ EN CREAR EMPREGOS DE CALIDADE E NOVAS FÓRMULAS DE FINANCIAMENTO DA SEGURIDADE SOCIAL

Redacción.- Tras coñecer os datos publicados hoxe polo Ministerio de Emprego e Seguridade Social, sobre o gasto en pensións no mes de agosto, a Secretaria Executiva Confederal de UGT, Isabel Araque, manifestou que para facer fronte ao crecente gasto en pensións, "é preciso reactivar o Pacto de Toledo e abrir un espazo de negociación cos axentes económicos e sociais para buscar fórmulas de financiamento da Seguridade Social vía presupostos".

Isabel Araque subliñou que para asegurar a sustentabilidade do futuro das pensións en España é necesario loitar contra a precariedade laboral provocada pola reforma laboral, xa que a temporalidade, a parcialidade e os baixos salarios están a dar lugar a unha redución dos ingresos por cotizacións á Seguridade Social e esta tendencia só pode cambiar creando emprego de calidade e con mellores salarios xa que se trata dun problema do número de cotizantes e a baixa calidade das cotizacións provocado polo alto desemprego, a precariedade e os baixos salarios".

"A precariedade do emprego, a des-

valorización salarial ou as políticas de redución de cotizacións" explicou "son factores que deben ser eliminados porque debilitan o sistema de pensións e reducen os seus ingresos, pero tamén sería necesario levar a cabo unha separación das fontes de financiamento da Seguridade Social para que sexan as cotizacións sociais as que financien a parte contributiva e os Orzamentos Xerais do Estado os que cubran tanto as prestacións non contributivas como os gastos de xestión do sistema".

A Secretaria Executiva Confederal de UGT lembrou ademais que, nas actuais circunstancias, "o sindicato mantén que hai recuperar a xubilación parcial aos 60 anos e o contrato de substitución, como mecanismos que faciliten tanto a saída dos traballadores maiores como o ingreso dos mozos no mercado laboral con cotizacións dignas" e paralelamente, "buscar fórmulas que permitan acceder a pensións dignas aos parados maiores de 55 anos, que despois de cotizar durante case toda a súa vida, non atopan emprego e, no momento da súa xubilación, verán moi reducidas as súas pensións".

OS RETOS QUE EXPÓN UGT AO NOVO GOBERNO

REVERTER OS RECORTES NA LEI DE DEPENDENCIA E ATENDER ÁS PERSOAS SEGUNDO AS SÚAS NECESIDADES

Redacción.- A Unión Xeral de Traballadores lembra que durante a lexislatura anterior, o Goberno desmantelou a Lei de Dependencia recortando o seu orzamento e limitando o acceso a axudas, prestacións e servizos aos beneficiarios. O sindicato denuncia que se pasou dun sistema de protección garantista a un asistencialista que non ten en conta as necesidades dos dependentes e as súas familias e, en moitos casos, abandónalles á súa sorte.

Ao longo destes últimos anos asistimos a un proceso de recortes na Lei de Dependencia. Pasouse dun sistema de dereitos, que aínda se atopaban en proceso de desenvolvemento e, por tanto, era susceptible de mellora e participación a un sistema asistencialista que non ten en conta os servizos e prestacións que reciben os beneficiarios. É necesario garantir o dereito para ser atendido en situación de dependencia a través dunha resposta integral e integrada de atención e cuidados básicos ás persoas en situa-

ción de dependencia e ás súas familias para.

Para iso é preciso:

- Desenvolver un sistema de acreditación profesional do sector e un sistema de coordinación sociosanitaria, que garanta unha atención social e sanitaria sen que supoña un detrimento de dereitos universais; asegurando a participación dos interlocutores sociais máis representativos nos procesos de concertación e diálogo social.

- Esixir a aplicación da lei de dependencia, para que se garanta a atención e cuidados de forma integral, de tal forma que se asegure a percepción das prestacións universais e públicas como un dereito subxectivo.

- Garantir unha protección eficaz das situacións de dependencia a través do incremento na intensidade dos servizos, o aumento da contía das prestacións polo

menos nun 20%, retornando ás contías establecidas antes da súa redución e establecer a compatibilidade entre determinadas prestacións de tal forma que se alcance unha protección íntegra.

- Desenvolver un sistema de acreditación profesional do sector por medio do cal, as administracións públicas comprométese a realizar as respectivas convocatorias para a acreditación da experiencia laboral daqueles traballadores e traballadoras do sector que na actualidade non teñen recoñecida, garantíndose os postos de traballo daqueles traballadores que se atopan en proceso de cualificación.

- Desenvolver un sistema de coordinación sociosanitaria, que garanta unha atención social e sanitaria sen que supoña un detrimento dos dereitos sanitarios universais e gratuítos, que xa vén recibindo a poboación; asegurando a participación dos interlocutores sociais nos procesos de concertación e diálogo social.

UN PLAN ESTRATÉXICO PARA A INDUSTRIA QUE CONSOLIDE UN CRECEMENTO ECONÓMICO SÓLIDO E ESTABLE



Redacción.- A crise puxo en evidencia o papel do sector industrial. En España, a debilidade do tecido produtivo ha impedido á industria afrontar a crise en condicións adecuadas, producindo efectos devastadores no desenvolvemento das empresas e do emprego. UGT considera imprescindible un Plan Estratéxico para a Industria, co compromiso conxunto dos sectores público e privado, que se sitúe como eixo principal do cambio de modelo produtivo e fixar así un patrón de crecemento sólido e estable. Un plan baseado en maior investimento en tecnoloxía e innovación, nunha política enerxética máis eficiente ou nunha política industrial máis sólida, entre outras cuestións.

Desde antes da crise, UGT defendeu a necesidade dun cambio de modelo produtivo que permitise un patrón de crecemento máis sólido e estable. Necesitamos un proxecto definido, con vocación de permanencia no tempo, pero con facilidades de adaptación, que permita cambiar as débiles bases produtivas e adecuar as infraestruturas físicas e técnicas.

O fortalecemento do sector industrial require un verdadeiro Plan Estratéxico para a Industria, que ten que contemplar actuacións horizontais en materias de política industrial, pero tamén políticas que garantan o correcto desenvolvemento das industrias, que inclúe actuacións administrativas, en materia de infraestruturas, política enerxética, subministracións e servizos a empresas industriais, formación profesional, fiscalidade, financiamento e emprego. En definitiva, unha política integral dirixida a modificar o noso modelo de crecemento, que debe contar co compromiso conxunto dos sectores público e privado.

Para UGT, este plan ten que ter como contidos unha política industrial a longo prazo, con plans e obxectivos adecuados a cada momento; unha consideración integral dos sistemas produtivos e de servizos, que permita o deseño dun modelo de crecemento cunha base industrial sólida; unha política incentivadora do investimento, con apoio á innovación, a investigación e desenvolvemento, que debe conxugarse cunha política de formación e cualificación, investindo na capacitación profesional dos traballadores; e unha política enerxética máis eficiente, cun mix enerxético que facilite maior independencia e maior seguridade na subministración.

Ademais, hai que recuperar o investimento público en infraestruturas; incrementar o tamaño das empresas e a internacionalización, a través das exportacións; favorecer o financiamento de proxectos de futuro; alcanzar o obxectivo de polo menos un 3% do PIB da UE en Investigación e Desenvolvemento (I+D); e mobilizar o potencial das zonas rurais como motor de desenvolvemento e innovación para alcanzar a cohesión social, territorial e económica en Europa, entre outros elementos.

FORTALECER A DEMOCRACIA E AS LIBERDADES DEBILITADAS POLO GOBERNO

Redacción.-UGT considera fundamental adoptar medidas para fortalecer a democracia e facela máis igualitaria, despois de catro anos de regresión na calidade de vida e as liberdades. Por iso é necesario derrogar a Lei Mordaza, a reforma da Lei de Xuizamento Criminal, a de taxas xudiciais ou a modificar a Lei de Etranxeiría -que permite o rexeitamento de inmigrantes en fronteira-. O sindicato aposta ademais por suprimir o art. 315.3 do Código penal -que criminaliza facultades esenciais para exercer o dereito de folga- e por promover unha reforma para incluír na Constitución mecanismos extraordinarios de consulta cidadá cando se trate de aspectos de decisión pública de especial relevancia.

Aproveitando a súa maioría absoluta parlamentaria durante a pasada lexislatura, o Goberno do Partido Popular utilizou a crise e o seu devastador impacto sobre os cidadáns para impoñer unha serie de cambios legais de calado que pretenden impoñer á sociedade o seu particular ideario, neoliberal, cun desprezo absoluto polo diálogo social e as institucións de control do

Goberno, ás que degradou nas súas funcións de maneira visible

En conxunto, a pasada lexislatura supuxo unha verdadeira regresión na calidade da democracia e das liberdades. Por iso é necesario adoptar as actuacións precisas para construír un sistema económico máis eficiente e sustentable, pero tamén unha sociedade máis democrática e igualitaria.

Por iso é preciso:

- Derrogar a Lei Orgánica 4/2015, do 30 de marzo, de protección da seguridade cidadá (Lei Mordaza).

- Derrogar o art. 315.3 do Código penal, que criminaliza facultades esenciais para exercer o dereito de folga.

- Exonerar a todos os traballadores e traballadoras procesados e/ou condenados por participar nunha folga, eliminando os expedientes que se lles abriron e tomar todas



as medidas legais necesarias, indultos incluídos, para pechar todos os procedementos.

- Promover unha reforma constitucional para incluír mecanismos extraordinarios de consulta cidadá cando se trate de aspectos de decisión pública de especial relevancia, así como a fixación de instrumentos de control democrático ante os excesos dunha actuación abusiva dos gobernos.

- Derrogar a Lei 41/2015 de reforma da Lei de Xuizamento Criminal.

- Adoptar un plan integral para unha xustiza moderna eficaz e de calidade.

- Derrogar a Lei de taxas xudiciais 10/2012.

- Derrogar a modificación da Lei de Etranxeiría que permite o rexeitamento de inmigrantes en fronteira, vulnerando convenios e tratados internacionais.

DEFENDER UNHA UNIÓN EUROPEA SOCIAL QUE RESPECTE OS DEREITOS HUMANOS



Redacción. - A Unión Xeral de Traballadores esixirá un compromiso real dos partidos políticos coa defensa do dereito de asilo e o respecto aos dereitos fundamentais dos migrantes tanto en España como nas institucións europeas. É necesario promover un novo enfoque da política europea de migracións na que o obxectivo principal sexa impedir que as persoas morran ou poñan en perigo a súa vida, tentando chegar a territorio europeo e cumprir os compromisos de recolocación e reasentamiento de solicitantes de asilo, e que España denuncie e retire o seu respaldo ao Acordo Unión Europea e Turquía.

A Unión Xeral de Traballadores quere

dos partidos políticos un compromiso real coa defensa do dereito de asilo e o respecto aos dereitos fundamentais dos migrantes en España e nas institucións europeas.

O sindicato sostén que se debe garantir a igualdade de trato e a integración dos traballadores migrantes, promover a tolerancia e loitar contra todas as formas de discriminación, racismo ou xenofobia.

Para iso é necesario que España promova un novo enfoque da política europea de migracións na que o obxectivo principal sexa impedir que as persoas morran ou poñan en perigo a súa vida

tentando chegar a territorio europeo.

Ademais é urxente cumprir os compromisos de recolocación e reasentamiento de solicitantes de asilo e que España denuncie e retire o seu respaldo ao Acordo Unión Europea e Turquía.

E estender os dereitos laborais, incluídos os de libre sindicación, ás Forzas Armadas e Corpos e Forzas de Seguridade do Estado.

OS TRATADOS DE LIBRE COMERCIO DEBEN SER FERRAMENTAS DE PROGRESO, DEMOCRÁTICOS E TRANSPARENTES

Redacción. - A Unión Xeral de Traballadores entende que os tratados de comercio son un instrumento para o desenvolvemento económico, a creación de emprego e un factor cruce para o fomento os dereitos laborais, a consolidación da democracia e o progreso da sociedade no seu conxunto, co fin de contribuír a unha globalización xusta. Por iso, o sindicato rexeita as actuais formulacións do TTIP e o CETA, negociados de maneira opaca e que empeoran os dereitos laborais e as condicións de traballo, o medioambiente, a protección social e os servizos públicos fundamentais.

A Unión Xeral de Traballadores rexeita a forma e o método da Asociación Transatlántica de Comercio e Inversións (o coñecido como TTIP), así como algúns elementos que se incorporaron nos textos resultantes desas negociacións.

Só a democrática transparencia que permita valorar o proceso, manter informa-

dos a axentes sociais e sociedade para que tamén poidan exercer a representación dos seus lexítimos intereses serán garantía dun tratado xusto e que, efectivamente, sirva para o progreso económico e social dunha importante zona comercial do mundo.

Acordos como o CETA (xa pechado) ou o TTIP (aínda en negociación) NON son meros acordos comerciais e ademais non son acordos inocuos para o emprego, o medio ambiente, a seguridade alimentaria ou a supervivencia das Pemes no UE, ademais de poñer en xaque a democracia e a soberanía dos Estados.

Por iso, UGT rexeita as actuais formulacións dadas ao TTIP e ao CETA, negociados de maneira opaca e que atacan ao emprego, aos dereitos laborais e as condicións de traballo, o medioambiente, a protección social e os servizos públicos dos países afectado; esixe o respecto aos

estándares ambientais, laborais, de protección ao consumidor e de saúde pública, entre outros, establecidos en Tratados e Acordos europeos e internacionais; e defende a inclusión de mecanismos de acordo con sindicatos que poidan garantir o cumprimento das normas laborais ou convenios colectivos dos traballadores afectados por cuestións de mobilidade forzosa.

Ademais, reclama a promoción da eliminación dos mecanismos de resolución de conflitos e dos tribunais de arbitraje; a definición, de maneira clara e precisa, dos servizos públicos afectados en cada acordo, así como as excepcións á adhesión aos principios de acceso ao mercado e unha restrición horizontal no marco dun enfoque de listas positivas; e a garantía de que os tratados internacionais de comercio inclúan unha cláusula de salvagarda vinculada ao respecto, aplicación e cumprimento dos Convenios e Acordos da OIT como base mínima de dereito laboral.

Programa de garantía xuvenil

Programa extraordinario de activación para o emprego

INFÓRMATE!

Dirixete ás sedes de UGT ou en: <http://www.ugtg Galicia.org>